



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/10

Trámite Acta.- Acta de sesión extraordinaria realizada con data 05.07.2023

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Excusa a súa asistencia
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María del Pilar Díaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste

Actuando como secretaria, a titular do posto, Paula E. Ramos Díaz e contando coa asistencia da interventora accidental, Mercedes Santiago Ocampo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as oito horas e trinta e tres minutos, primeira convocatoria.

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 17.06.2023 (2023-0009-SESIÓN CONSTITUTIVA) E 26.06.2023 (2023-0010).

De conformidade co establecido no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais sométese a votación ordinaria as actas das sesións desenvolvidas polo Pleno:

- Acta da sesión extraordinaria constitutiva realizada polo Pleno o día 17.06.2023 (2023-0009). Non formulándose obxección ou reparo ningún, por doce votos a favor o Pleno prestou aprobación á mesma.
- Acta da sesión extraordinaria realizada polo Pleno con data 26.06.2023 (2023-0010). Non formulándose obxección ou reparo ningún, por nove votos a favor e tres abstencións por non asistencia, o Pleno prestou aprobación á mesma.

2º.- SECRETARÍA.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. Elévase a consideración do Pleno proposta de alcaldía de 26.06.2023:

“De conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento Orgánico Municipal e para os efectos previstos no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, elevo á consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primero.- A periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal será mensual, e as sesións celebraranse o último mércores de cada mes, ás 19.30 horas, agás nos meses de verán (xuño, xullo e agosto), que se celebrarán ás 9,00 h.. Se o día de celebración coincidise cun día festivo, celebraránse o primeiro día hábil anterior”.

Proposta da que se deu conta así mesmo á Xunta de Portavoces con data 29.06.2023.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno polo edoce votos a favor sendo trece o seu número total de membros, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento Orgánico Municipal e para os efectos previstos no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, adoptou o seguinte acordo:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeiro.- A periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal será mensual, e as sesións celebraranse o último mércores de cada mes, ás 19.30 horas, agás nos meses de verán (xuño, xullo e agosto), que se celebrarán ás 9,00 h.. Se o día de celebración coincidise cun día festivo, celebraránse o primeiro día hábil anterior.

3º.- SECRETARÍA.- CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. Elévase a consideración do Pleno proposta de alcaldía de 26.06.2023:

“O artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local configura como órganos necesarios en todos os concellos con poboación superior aos 5.000 habitantes: “...órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno”.

Para tal efecto e segundo o disposto no artigo 108 do Regulamento Orgánico Municipal do concello de Mugardos:

“**Art 108.-**Son CI permanentes as que se constitúen con carácter xeral distribuíndo entre elas as materias que se someterán ó Pleno.O número, denominación e composición numérica será acordada polo Pleno, na primeira sesión que celebre tras a súa constitución, sin perxuízo de modificalas en calquer momento.”

De conformidade co sinaldo do indicado artigo e para os efectos de dar cumprimento ao réxime marcado nos artigos 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 21 do indicado Regulamento Orgánico Municipal do concello de Mugardos, tendo en conta o número e composición dos grupos municipais constituídos dentro do prazo marcado no artigo 101 na norma orgánica municipal, por medio da presente elévase á consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.-Prestar aprobación á creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- 1.- Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs.
- 2.- Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime interior.
- 3.- Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade.
- 4.- Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.
- 5.- Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo.

Segundo - Para dar cumprimento ó disposto no artigo 59 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 120 do Regulamento Orgánico





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Municipal e 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, coas competencias previstas nos artigos 67 da Lei 5/97, xa citada, 121 do Regulamento Orgánico Municipal e 127 do citado Real Decreto 2568/1986, a Comisión de Facenda e Promoción Económica asumirá e actuará coa mesma composición as funcións así encomendadas pola normativa aplicable.

Terceiro.- Tódalas comisións constarán de un membro de cada grupo municipal, e o sistema de votación será por voto ponderado.

Cuarto.- As Comisións Informativas, agás a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en función de Comisión Especial de Contas cuxas sesións veñen marcadas pola normativa aplicable, para facilitar o exercicio da súa función e de dotar de axilidade ás xestión pública local, realizarán dúas sesións ordinarias cada mes, no día e hora que se acorde no seno da propia Comisión na correspondente sesión constitutiva.”.

Proposta elevada igualmente á consideración da Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 29.06.2023.

A petición do portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE aclárase o funcionamento da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica como Comisión Especial de Contas para dar cumprimento as funcións previstas na normativa aplicable, sen que se dea creación a comisión diferenciada.

Rematado o debate, sometido a votación ordinaria por dez votos a favor (5 PP+3 BNG+2 EU) e dous abstencións (2 PSdG-PSOE), o Pleno de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos artigos 101 e 108 do Regulamento Orgánico Municipal, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación á creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- 1.- Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs.
- 2.- Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime interior.
- 3.- Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade.
- 4.- Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.
- 5.- Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo.

Segundo - Para dar cumprimento ó disposto no artigo 59 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 120 do Regulamento Orgánico Municipal e 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, coas competencias previstas nos artigos 67 da Lei 5/97, xa citada, 121 do Regulamento Orgánico Municipal e 127 do citado Real Decreto 2568/1986, a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Comisión de Facenda e Promoción Económica asumirá e actuará coa mesma composición as funcións así encomendadas pola normativa aplicable.

Terceiro.-Tódalas comisións constarán de un membro de cada grupo municipal, e o sistema de votación será por voto ponderado.

Cuarto.-As Comisións Informativas, agás a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en función de Comisión Especial de Contas cuxas sesións veñen marcadas pola normativa aplicable, para facilitar o exercicio da súa función e de dotar de axilidade á xestión pública local, realizarán dúas sesións ordinarias cada mes, no día e hora que se acorde no seno da propia Comisión na correspondente sesión constitutiva.

4º.- SECRETARÍA.- NOMEAMENTO CONCELLEIROS/AS PARA REPRESENTAR Á CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. Elévase a consideración do Pleno proposta de alcaldía de 29.06.2023 tras a emenda da previamente asinada con data 26.06.2023:

“De conformidade cosinalado no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, elévase á consideración do Pleno a seguinte proposta de nomeamento nos/as concelleiros/as que representarán á corporación nos seguintes órganos colexiados:

Primeiro.-Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol.

De acordo codisposto nos Estatutos da Mancomunidade a representación deste Concello será ostentada polo Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e o seu substituto será o segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados.

Segundo.-Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Norte 2014-2020.

De acordo codisposto nos Estatutos da Asociación a representación permanente deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será o Segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados.

Terceiro.-Asociación SEITURA22.

A representación permanente deste Concello na citada asociación será ostentada pola Primeira Tenente de Alcalde, Ana M^a Varela Bastida e o seu substituto será o Segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados.

Cuarto.-Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

De acordocodisposto nos Estatutos do Consorcio a representacióndeste Concello nos órganosreitores do mesmo será ostentada polo Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e o seu substituto será a PrimeiraTenente de Alcalde, Ana Mª Varela Bastida.

Quinto.-Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade.

De acordo coa previsión establecida no Artigo 18 dos Estatutos da asociación a representacióndeste Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridadeserá ostentada polo Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e o seu substituto será a PrimeiraTenente de Alcalde, Ana Mª Varela Bastida

Sexto.-Mesa Local do Comercio.

De acordoco establecido no artigo 21 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, a representacióndeste Concello na Mesa Local do Comercio estará integrada do seguinteixeito:

Presidente/a:

Titular: Ana Mª Varela Bastida, PrimeiraTenente de Alcalde.

Suplente: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.

Vocais:

Titular: Jorge Manuel KuntzPeiteado, Cuarto Tenente de Alcalde

Suplente: José Miguel Mahía Prados, Segundo Tenente de Alcalde.

Secretario/a:

Titular: D. Diego Seijo Alonso, funcionario administrativo do Concello.

Sétimo.-Comisión de Seguimento do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugardos.

Visto o texto do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugardos, polo que se formaliza a súa adhesión ao Convenio Específico de colaboración suscrito entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de seguridade vial, aprobado polo Concello Pleno en sesión realizada o día 28.01.2011.

E tendo en conta o establecido na cláusula Sexta.-Comision de Seguimento, do citado convenio, é necesario proceder á designación dunsnovos representantes nomeados polo Concello.

Á vista do cal, propónsenomear representantes titulares e suplentes do Concello de Mugardos para integrar a Comisión de Seguimento do convenio antes citado aos/ásconcelleiros/as seguidamente relacionados:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Titular: José Miguel Mahía Prados, Segundo Tenente de Alcalde
Suplente: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde
Titular: Jorge Manuel KuntzPeiteado, Cuarto Tenente de Alcalde.
Suplente: Ana M^a. Varela Bastida, Primeira Tenente de Alcalde

Oitavo.-Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.

O citado convenio entrou en vigor o mesmo día da súa sinatura e mantén a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019.

Á vista do cal, propósenomear representantes da corporación para o desenvolvemento do Convenio antes citado, tal e como de seguido se relaciona:

A representación deste Concello será ostentada polo Segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados, actuando como substituto, o Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Noveno.-Xunta Local de Seguridade.

Tendo en conta o establecido no artigo núm. 5 do citado Real Decreto 1087/2010, no que atinxe ao número de vocais da Administración Local que integrarán a Xunta Local de Seguridade, propósenomear os/as vocais do Concello de Mugardos na Xunta Local de Seguridade antes citada, tal e como de seguido se relaciona:

- Ana M^a Varela Bastida, Primeira Tenente de Alcalde.
- José Miguel Mahía Prados, Segundo Tenente de Alcalde.
- Jorge Manuel KuntzPeiteado, Cuarto Tenente de Alcalde.

Plan de emerxencia exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A.

Nomearaos representantes do Concello de Mugardos no Plan de Emerxencia Exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A., tal e como figura de seguido:

Representante no Comité Asesor:

Titular: Alcaldía.

Suplente: Jorge Manuel KuntzPeiteado, Cuarto Tenente de Alcalde.

Representantes no Grupo Loxístico:

Por parte da Policía Local:





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Titular: D. Roberto Corral López
Suplente: D. Juan Carlos Garcia Pardo

Por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil:
Titular: Fidel González Esparis
Suplente: Juan Carlos Garcia Pardo”

Proposta elevada igualmente á consideración da Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 29.06.2023.

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria, por sete votos a favor (5 PP+2 PSOE) e cinco abstencións (3BNG+2IU), o Pleno, ao abeiro do establecido no artigo 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acordou nomear representantes da corporación nos seguintes órganos colexiados:

Primeiro.-Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol.

De acordocodisposto nos Estatutos da Mancomunidade a representación deste Concello será ostentada polo Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e o seu substituto será o segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados.

Segundo.-Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Norte 2014-2020.

De acordocodisposto nos Estatutos da Asociación a representación permanente deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será o Segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados.

Terceiro.-Asociación SEITURA22.

A representación permanente deste Concello na citada asociación será ostentada pola Primeira Tenente de Alcalde, Ana M^a Varela Bastida e o seu substituto será o Segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados.

Cuarto.-Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

De acordocodisposto nos Estatutos do Consortio a representación deste Concello nos órganos reitores do mesmo será ostentada polo Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e o seu substituto será a Primeira Tenente de Alcalde, Ana M^a Varela Bastida.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Quinto.-Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade.

De acordo coa previsión establecida no Artigo 18 dos Estatutos da asociación a representacióndeste Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade será ostentada polo Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e o seu substituto será a Primeira Tenente de Alcalde, Ana M^a Varela Bastida

Sexto.-Mesa Local do Comercio.

De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, a representacióndeste Concello na Mesa Local do Comercio estará integrada do seguinte xeito:

Presidente/a:

Titular: Ana M^a Varela Bastida, Primeira Tenente de Alcalde.

Suplente: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.

Vocais:

Titular: Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Cuarto Tenente de Alcalde

Suplente: José Miguel Mahía Prados, Segundo Tenente de Alcalde.

Secretario/a:

Titular: D. Diego Seijo Alonso, funcionario administrativo do Concello.

Sétimo.-Comisión de Seguimento do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugardos.

Visto o texto do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugardos, polo que se formaliza a súa adhesión ao Convenio Específico de colaboración suscrito entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de seguridade vial, aprobado polo Concello Pleno en sesión realizada o día 28.01.2011.

E tendo en conta o establecido na cláusula Sexta.-Comisión de Seguimento, do citado convenio, é necesario proceder á designación dos novos representantes nomeados polo Concello.

Á vista do cal, propónsenomear representantes titulares e suplentes do Concello de Mugardos para integrar a Comisión de Seguimento do convenio antes citado aos/as concelleiros/as seguidamente relacionados:

Titular: José Miguel Mahía Prados, Segundo Tenente de Alcalde

Suplente: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde

Titular: Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Cuarto Tenente de Alcalde.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Suplente: Ana M^a. Varela Bastida, Primeira Tenente de Alcalde

Oitavo.-Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.

O citado convenio entrou en vigor o mesmo día da súa sinatura e mantén a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019.

Á vista do cal, propóñense nomear representantes da corporación para o desenvolvemento do Convenio antes citado, tal e como de seguido se relaciona:

A representación deste Concello será ostentada polo Segundo Tenente de Alcalde, José Miguel Mahía Prados, actuando como substituto, o Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Noveno.-Xunta Local de Seguridade.

Tendo en conta o establecido no artigo núm. 5 do citado Real Decreto 1087/2010, no que atinxe ao número de vocais da Administración Local que integrarán a Xunta Local de Seguridade, propóñense nomear os/as vocais do Concello de Mugardos na Xunta Local de Seguridade antes citada, tal e como de seguido se relaciona:

- Ana M^a Varela Bastida, Primeira Tenente de Alcalde.
- José Miguel Mahía Prados, Segundo Tenente de Alcalde.
- Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Cuarto Tenente de Alcalde.

Plan de emerxencia exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A.

Nomear os representantes do Concello de Mugardos no Plan de Emerxencia Exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A., tal e como figura de seguido:

Representante no Comité Asesor:

Titular: Alcaldía.

Suplente: Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Cuarto Tenente de Alcalde.

Representantes no Grupo Loxístico:

Por parte da Policía Local:

Titular: D. Roberto Corral López

Suplente: D. Juan Carlos Garcia Pardo

Por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Titular: Fidel González Esparis

Suplente: Juan Carlos Garcia Pardo

Oitavo.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas.

Noveno.- Dar traslado do presente acordo aos diferentes órganos colexiados.

5º.- INTERVENCIÓN.- ADICACIÓNS, DIETAS, ASISTENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS. Elévese a consideración do Pleno proposta de alcaldía de 26.06.2023:

“PROPOSTA DE RÉXIME DE DEDICACIÓNS DO CONCELLO, ASISTENCIAS A SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS, DIETAS E GASTOS DE LOCOMOCIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS.

Dando cumprimento ao disposto no artigo 21 do Regulamento Orgánico Municipal, 38 do R.O.F. e 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local formúlase a seguinte proposta de acordo:

Primeiro. Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o desempeño dos seguintes cargos:

- 1.Alcalde/sa-Presidente/a.
- 2.Concelleiro/a Delegado/a de Obras, Servizos e Medio Ambiente.
- 3.Concelleiro/a Delegado/a de Facenda e Promoción Económica.

Segundo.- Aprobar o réxime retributivo dos seguintes cargos:

Cargos	Importe bruto anual (12 mensualidades)	Importe bruto mensual	Grao de dedicación
Alcalde/sa Presidente/a	35.400,00 €	2.950,00 €	Dedicación exclusiva
Concelleiro/a Delegado/a de Obras, Servizos e Medio Ambiente.	22.800,00 €	1.900,00 €	Dedicación exclusiva
Concelleiro/a Delegado/a de Facenda e Promoción Económica.	22.800,00 €	1.900,00 €	Dedicación exclusiva

Exclúense destes importes os trienios aos que no seu caso teñan dereito por atoparse en situación de servizos especiais.

As retribucións percibiranse en doce mensualidades de igual contía.

O/A Alcalde/sa percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.





Concello de Mugaros
(A Coruña)

O/A Concelleiro/a Delegado de Facenda e Promoción Económica, percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

O/A Concelleiro/a Delegado de Obras, Servizos e Medioambiente, percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

As contías asignadas como retribucións por adicacións exclusivas experimentarán o incremento que as Lei de Orzamentos Xerais do Estado establezan para o sistema retributivo do persoal ao servizo da Administración.

Terceiro.- Aprobar os importes correspondentes por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e as Comisións Informativas de que formen parte e a Xunta de Voceiros.

Os concelleiros/as da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberán realizar os descontos oportunos, as indemnizacións por asistencias que se indican seguidamente:

Sesións ordinarias do Pleno: 120€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias por exercicio económico.

Sesións extraordinarias do Pleno: 100€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 3 sesións extraordinarias por exercicio económico.

Sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno Local: 150€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 24 sesións ordinarias por exercicio económico. Non se computarán nin aboaran as sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local.

Sesións ordinarias das Comisións Informativas

-Presidente/a da Comisión Informativa: 100 €/sesión.

-Resto de integrantes da Comisión Informativa: 75 €/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 22 sesións ordinarias por exercicio económico, para cada unha das Comisións Informativas Permanentes. A Comisión de Facenda e Promoción Económica cando actúe como Comisión Especial de Contas aos efectos do previsto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, terá un tope de 2 sesións por exercicio económico.

Sesións extraordinarias das Comisións Informativas: 50€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 3 sesións extraordinarias por cada unha das Comisións Informativas e por exercicio económico.

Xunta de Voceiros: 70€/sesión.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias por exercicio económico. Aos efectos do cálculo do número de sesións, éste farase por grupo municipal é exercicio económico.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesión do Pleno, Xunta de Goberno , Comisións e Xunta de Voceiros, polos membros da corporación, por parte do Secretario do órgano Colexiado emitírase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas. Non se terán en conta nin se aboaran as sesións constitutivas de cada un dos órganos colexiados da Corporación, por non ter o carácter de sesión ordinaria nin extraordinaria.

Cuarto.-Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

No referente aos gastos de locomoción será de aplicación o disposto no R.D. 462/2002, de 24 de maio.

Quinto.-A asignación aos grupos políticos municipais e os requisitos que deben cumprir as mesmas serán as establecidas nas Bases de Execución do Orzamento (nº 71),e que son as seguintes:

- O compoñente fixo é de 1.000 €/ano por grupo político.
- O compoñente variable é de 600€/ano por concelleiro.

Requisitos:

As citadas dotacións cumprán os seguintes requisitos :

a) Non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial tal e como establece a LBRL.

b) Se ingresarán en conta aberta a nome dos Grupos Políticos no banco ou Caixa que sinalen.

c) A xustificación deberá efectuarse mediante declaración xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido aos fins para os que se concedeu.

d) Poderase efectuar no primeiro semestre do exercicio, o pago do 50% da dotación económica total asignada a cada grupo político, contra xustificante expedido polo Portavoz do Grupo, no que se fará constar de forma expresa o número de Concelleiros en exercicio adscritos o Grupo e a declaración de cumprimento do previsto no apartado a) . No seu caso, poderá solicitarse informe de Intervención acerca do cumprimento das normas que rexen estas dotacións. e) A aportación terá carácter incondicional, agás o establecido no apartado a) , polo que non será necesario xustifica-lo destino dado aos fondos percibidos, sen perxucio da





Concello de Mugardos
(A Coruña)

necesidade de levar unha contabilidade específica da dotación que perciban e conservar os correspondentes xustificantes , que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este llo pida.

Séxto.- Entrada en Vigor

O presente acordo, no relativo ás dedicacións, as asistencias e as dietas, será de aplicación a partir da aprobación polo Pleno da Corporación, sen perxuício da súa publicación no B.O.P., na páxina web municipal (de acordo co establecido no art.32 do ROM) e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.”

Consta no expediente acta da Xunta de Portavoces de 29.06.2023.

Debate:

Primeiraquenda de intervencións:

Alcalde.- Toma a palabra o Alcalde para explicar en termos xerais o contido da proposta así como de acordo co indicado na Xunta de Voceiros, as asistencias a Pleno terán asignada unha indemnización de 150,00 euros, ordinarias como sesión extraordinarias, xa que a necesidade de conciliación laboral é a mesma.

Así se equiparan ás sesión da Xunta de Goberno Local ate o tope actual.

As presidencias de Comisión Informativa 100 euros e 80 euros o resto de componente.

As indemnizacións por asistencia á Xunta de Voceiros serán de 80,00 euros.

Os grupos municipais terán un compeñente fixo de 1000 euros.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Mostra a súa conformidade coa subida do importe das dedicacións máis non respecto do resto das medidas das que solicitaba a total equiparación xa que estima que se trata en verddade dunha dedicación parcial. Reiterando que Presidencias e resto de concelleiros/as debería ter o mesmo trato.

Evaristo Deus Deus, portavoz do grupo municipal BNG. Propón que se volva a debater e en caso contrario quere por de manifesto a súa oposición aos importes das dietas por asistencia xa que non están basados en criterios obxectivos. Nin xustificadas as diferenzas entre Presidencia e resto de compoñentes. E canto máis cando estima que un concello como Mugardos non ten volumen de expedientes para dúas comisións informativas ao mes e cando sexa así preciso, para tal efecto están as sesión extraordinarias.

Alcalde.- Este sistema replícase en moitos concellos e está baseado na responsabilidade e réxime de adicación para preparación de asuntos con





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

independencia do grupo municipal de adscripción. A equiparación solicitouse por un grupo municipal, e a realización de dúas sesión informativas ordinarias descansa nun criterio de transparencia e participación.

Debate:
Segunda quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Reitera os argumentos da súa primeira intervención e sinala que non é claro que moitos concellos do tamaño de Mugarbos contén con dúas sesións ordinarias ao mes e menos cos asuntos que se incluían no mandato anterior.

Evaristo Deus Deus, portavoz do grupo municipal BNG. Na Xunta de Portavoces o seu grupo xa adiantou que ían a estudar a proposta. A lei non distingue entre cargos e se existen problemas de conciliación deberán facelo valer a través do seu grupo a nivel estatal. Non ten claro se a orde do día a forma a Presidencia por canto á preparación dos asuntos é do persoal funcionario. A proposta non está motivada en función do volumen real de traballo das Comisións.

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Indica que a diferenza entre as sesións ordinarias e extraordinarias radica en que nestas últimas non hai punto de rogos e preguntas. A orde do día non a preparan o persoal funcionario se non as Presidencias. En canto á periodicidade hai un consenso amplo de que así sexa para fiscalizar a acción de goberno por que hai rogos e preguntas que é a clave. E se cambian de criterio que o digan. O que non se pode facer é realizar unha Xunta de Portavoces e por despois obxeccións xa que a administración non poden esperar para garantir o seu funcionamento.

Rematado o debate, sometido a votación ordinaria por sete votos a favor (5 PP+2 EU) e cinco votos en contra (3 BNG+2PSdG-PSOE), o Pleno de conformidade co establecido no artigo 22 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o desempeño dos seguintes cargos:

1. Alcalde/sa-Presidente/a.
2. Concelleiro/a Delegado/a de Obras, Servizos e Medio Ambiente.
3. Concelleiro/a Delegado/a de Facenda e Promoción Económica.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segundo.- Aprobar o réxime retributivo dos seguintes cargos:

Cargos	Importe bruto anual (12 mensualidades)	Importe bruto mensual	Grao de dedicación
Alcalde/sa Presidente/a	35.400,00 €	2.950,00 €	Dedicación exclusiva
Concelleiro/a Delegado/a de Obras, Servizos e Medio Ambiente.	22.800,00 €	1.900,00 €	Dedicación exclusiva
Concelleiro/a Delegado/a de Facenda e Promoción Económica.	22.800,00 €	1.900,00 €	Dedicación exclusiva

Exclúense destes importes os trienios aos que no seu caso teñan dereito por atoparse en situación de servizos especiais.

As retribucións percibiranse en doce mensualidades de igual contía.

O/A Alcalde/sa percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

O/A Concelleiro/a Delegado de Facenda e Promoción Económica, percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

O/A Concelleiro/a Delegado de Obras, Servizos e Medioambiente, percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

As contías asignadas como retribucións por adicacións exclusivas experimentarán o incremento que as Lei de Orzamentos Xerais do Estado establezan para o sistema retributivo do persoal ao servizo da Administración.

Terceiro.- Aprobar os importes correspondentes por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e as Comisións Informativas de que formen parte e a Xunta de Voceiros.

Os concelleiros/as da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberán realizar os descontos oportunos, as indemnizacións por asistencias que se indican seguidamente:

Sesións ordinarias do Pleno: 120€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias por exercicio económico.

Sesións extraordinarias do Pleno: 100€/sesión.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 3 sesións extraordinarias por exercicio económico.

Sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno Local: 150€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 24 sesións ordinarias por exercicio económico. Non se computarán nin aboaran as sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local.

Sesións ordinarias das Comisións Informativas

-Presidente/a da Comisión Informativa:100 €/sesión.

-Resto de integrantes da Comisión Informativa:75 €/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 22 sesións ordinarias por exercicio económico, para cada unha das Comisións Informativas Permanentes. A Comisión de Facenda e Promoción Económica cando actúe como Comisión Especial de Contas aos efectos do previsto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , do 5 marzo, terá un tope de 2 sesións por exercicio económico.

Sesións extraordinarias das Comisións Informativas: 50€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 3 sesións extraordinarias por cada unha das Comisións Informativas e por exercicio económico.

Xunta de Voceiros: 70€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias por exercicio económico. Aos efectos do cálculo do número de sesións, éste farase por grupo municipal é exercicio económico.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesión do Pleno, Xunta de Goberno , Comisións e Xunta de Voceiros, polos membros da corporación, por parte do Secretario do órgano Colexiado emitírase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas. Non se terán en conta nin se aboaran as sesións constitutivas de cada un dos órganos colexiados da Corporación, por non ter o carácter de sesión ordinaria nin extraordinaria.

Cuarto.-Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

No referente aos gastos de locomoción será de aplicación o disposto no R.D. 462/2002, de 24 de maio.

Quinto.-A asignación aos grupos políticos municipais e os requisitos que deben cumprir as mesmas serán as establecidas nas Bases de Execución do Orzamento (nº 71),e que son as seguintes:

-O compoñente fixo é de 1.000 €/ano por grupo político.

-O compoñente variable é de 600€/ano por concelleiro.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Requisitos:

As citadas dotacións cumprirán os seguintes requisitos :

a) Non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial tal e como establece a LBRL.

b) Se ingresarán en conta aberta a nome dos Grupos Políticos no banco ou Caixa que sinalen.

c) A xustificación deberá efectuarse mediante declaración xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido aos fins para os que se concedeu.

d) Poderase efectuar no primeiro semestre do exercicio, o pago do 50% da dotación económica total asignada a cada grupo político, contra xustificante expedido polo Portavoz do Grupo, no que se fará constar de forma expresa o número de Concelleiros en exercicio adscritos o Grupo e a declaración de cumprimento do previsto no apartado a) . No seu caso, poderá solicitarse informe de Intervención acerca do cumprimento das normas que rexen estas dotacións. e) A aportación terá carácter incondicional, agás o establecido no apartado a) , polo que non será necesario xustificalo destino dado aos fondos percibidos, sen perxucio da necesidade de levar unha contabilidade específica da dotación que perciban e conservar os correspondentes xustificantes , que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este llo pida.

Séxto.- Entrada en Vigor

O presente acordo, no relativo ás dedicacións, as asistencias e as dietas, será de aplicación a partir da aprobación polo Pleno da Corporación, sen perxucio da súa publicación no B.O.P., na páxina web municipal (de acordo co establecido no art.32 do ROM) e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

6º.- SECRETARÍA.- CREACIÓN MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS. Elévase á consideración de Pleno proposta de Alcaldía de 29.07.2023:

“De conformidade co disposto no parágrafo sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por medio da presente elévase á consideración do Pleno, a seguinte **PROPOSTA:**

Primeiro.- Designar como integrantes da Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación Pleno:

PRESIDENTE/A: Ana María Varela Bastida.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1ª Suplente: Juan Domingo de Deus Fonticoba

2º Suplente: Jorge Manuel Kuntz Peiteado

VOGAIS:

-O/A secretario/a da Corporación ou funcionario que o/a substitúa.

-O/A interventor/a municipal ou funcionario/a que o/a substitúa.

-O/A arquitecto/a técnico/a municipal.

SECRETARIO/A: Un/unha funcionario/a do Concello.

Titular: Beatriz Santiago Yáñez.

Suplente: Cristina Otero Taboada.”

Consta no expediente xustificación de ter sido elevada á consideración da Xunta de Portavoces en sesión de 29.07.2023.

Non subscitándose debate ningún, de conformidade co disposto no parágrafo sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en votación ordinaria, por sete votos a favor (5 PP+2EU) e cinco abstencións (3 BNG+2 PSdG-PSOE), o Pleno acordou:

Primeiro.- Designar como integrantes da Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación Pleno:

PRESIDENTE/A: Ana María Varela Bastida.

1ª Suplente: Juan Domingo de Deus Fonticoba

2º Suplente: Jorge Manuel Kuntz Peiteado

VOGAIS:

-O/A secretario/a da Corporación ou funcionario que o/a substitúa.

-O/A interventor/a municipal ou funcionario/a que o/a substitúa.

-O/A arquitecto/a técnico/a municipal.

SECRETARIO/A: Un/unha funcionario/a do Concello.

Titular: Beatriz Santiago Yáñez.

Suplente: Cristina Otero Taboada.”

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ás persoas designadas e restantes trámites previstos na normativa contractual.

7º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1041/2023. SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADES PRIVADAS..- Dáse inicio da este punto da orde do día por parte de secretaría dando conta dos antecedentes que constan no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1041/2023:

- Solicitud presentada con data 14.04.2023, número rexistro de entrada 2023-E-RC-1478.
- Documentación relativa á ficha e valoración do posto segundo a ficha da Relación de Postos de Traballo en curso de modificación nese momento.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Providencia de Alcaldía de 19.05.2023 solicitando informe xurídico sobre a petición cursada.
- Informe xurídico de secretaría de 1 de xuño de 2023.
- Requirimento de emenda da deficiencias cursado con data 05.06.2023, número rexistro de saída 2023-S-RC-853.
- Informe emitido con data 20.06.2023 pola empregada pública encarga da do rexistro comprensiva da ausencia de acheda de documentación en tempo e forma.
- Documentación achegada pola persoa interesada con data 21.06.2023, 2023-E-RC-2550.
- Informe xurídico complementario emitido con data 29.06.2023 de cuxas consideracións xurídicas déixase constancia no expediente:

“... ”

Consideracións xurídicas

Reitéranse as consideracións aplicables recollidas no previo informe de 01.06.2023 en canto enmarcan o réxime normativo de referencia:

“... ”

Primeira.- Normativa aplicable.

A normativa básica en materia de incompatibilidades, Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal do Servizo das Administracións Públicas inclúe de xeito expreso dentro do seu ámbito de aplicación (artigo 1.c) a persoal do servizo das Corporacións Locais.

E o seu parágrafo segundo estende as súas previsións a todos os seus empregados públicos con independencia da natureza xurídica da relación de emprego.

Segundo.- Principios xerais.

O art. 1.1º da Lei 53/1984, de 26 de decembro, establece os principios xerais aplicables: “1. O persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, salvo nos supostos previstos na mesma”.

Principios aplicables que estenden os seus efectos á natureza do posto, xéxime de xornada e retribucións con excepción das actividades privadas en todo caso compatibles recollidas no artigo 19.

Terceiro.- Aplicación do cadro xeral do suposto.

Para elo partirase de que se solicita a compatibilidade para actividade a prestar no sector privado, se ben non se indica e deberá ser así requirido para pechar o pronunciamento polo órgano competente, a xornada, dedicación e retribucións percibidas.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Polo que se terán en conta as limitacións que por razón das funcións, xornada/tempo de adicación e retribucións establece a normativa de referencia.

Conforme ao art. 11.1º: “1. De acordo con o disposto no artigo 1º.3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado”.

En función do contido do posto e as posibles propias de conductor non parece que poda existir en principio unha incompatibilidade de funcións cando menos dende o punto de vista da garantía da independencia e imparcialidade. E así parece corrobóralo a RPT en tramitación..

En canto á xornada, o artigo 12.2º indica:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial”.

E o art.16.4º da mesma norma en materia de retribucións establece:

“4. Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1º.3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderé recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixen antigüidade”.

E no mesmo sentido se pronuncia a Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Cuarto.- Procedemento

Segundo o artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

Quen se ache autorizado para o desempeño dun segundo posto ou actividade públicas deberán instar o recoñecemento de compatibilidade con ambos.”.

...”.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Como se indicou tanto no texto do informe xurídico previo como no propio requirimento practicado ao interesado, interprétase que para que poda operar o silencio administrativo é necesario que obre en poder do concello toda a información precisa para realizar un pronunciamiento de fondo.

Requirimento que se realiza dentro do prazo para resolver.

A persoa solicitante non achega información sobre o réxime de dedicación e o seu horario nin realiza o pronunciamiento necesario ao que se refire a Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia:

“... ”

2. En tanto no se produza a substitución do complemento específico mencionado en el apartado anterior por el complemento de puesto de trabajo previsto por la presente ley, podrá reconocerse, conforme a lo dispuesto en la normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complemento específico o concepto equiparable, siempre que su cuantía no supere el treinta por ciento de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.

En el supuesto de que la cuantía de tal complemento supere el treinta por ciento referido, podrá concederse la compatibilidad siempre y cuando la persona interesada renuncie a la percepción del complemento específico o concepto equivalente.”

Segundo o artigo 15 do Convenio colectivo aplicable a persoal laboral do concello de Mugardos: “A xornada xeral de traballo do persoal ao servizo do Concello de Mugardos será de 37,5 horas semanais de traballo efectivo, de promedio, en cómputo anual, equivalente a 1642 horas anuais”.

En función do total de horas realizadas no período marcado entre os meses de decembro 2022 a maio de 2023, 744 horas (99 no mes no que se rexistra o menor número de horas) o que superaría o tope máximo marcado no artigo 12.2 da Lei 53/1984: horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, sen que o posto de traballo no concello de Mugardos poda ser considerado desempeñado a tempo parcial en atención ao contido da ficha de traballo RPT e o Anexo III ao Convenio colectivo.

Tendo en conta as peculiaridades de xornada que establece dito Anexo III e das funcións encomendadas ao posto, non é irrelevante coñecer o seu réxime de distribución e dedicación horaria.

En canto ao importe do complemento específico, o artigo 28 do Convenio sinala: “O salario base será o que fixa a Lei de Presupostos do Estado, ou a outra normativa aplicable ao respecto, en concepto de soldo para cada un dos grupos profesionais do persoal funcionario”.

A ficha RPT de Oficial 2ª Ges marca un grupo C2 e nivel de complemento específico 10.696,98 euros.

O artigo 19.5 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, o soldo base referido a doce mensualidades para o grupo C2 marca un importe de 8.353,56 euros





Concello de Mugaros
(A Coruña)

Polo que superando o complemento específico o tope máximo marcado tanto na Lei 53/1984, o interesado non tería dado cumprimento a oréxime aplicable mediante a renuncia ao importe do complemento específico que supere a indicada por centaxe.

En atención a osexposto, por non cumprirse os requisitos marcados legalmente coa información xa achegada ao expediente e a recaba de oficio e sen que se poda corroborar a compatibilidade do segundo posto de traballo en dedicación e características por xornada do GES, infórmase desfavorablemente a concesión de compatibilidades solicitada con data 14.04.2023.”.

Debate:
Primeira quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Non considera que o asunto sexa propio dunha sesión organizativa nin consta proposta de área polo que solicita que o asunto sexa reitradado orde do día para ser elevado á consideración da comisión informativa que corresponda.

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Toma a palabra para dar a súa conformidade coa petición cursada por canto se trata dunha petición de secretaría.

Alcalde. Toma a palabra o Alcalde para trasladar o motivo polo que este expediente se eleva á consideración do pleno. Trátase dun expediente cun tempo de resolución asignado pola normativa e a competencia para a súa resolución é do presente órgano colexiado. Existe unha petición de secretaría por tal motivo e por unha economía de tempos e a necesidade de resolver sobre a petición cursada se inclúe orde do día en lugar de convocar unha sesión tan so para este expediente. En canto ao sentido do acordo a tomar xa consta informe xurídico cun pronunciamento.

A continuación se somete a votación ordinaria a petición de retirada do expediente da orde do día, obténdose o seguinte resultado: dous votos a favor (2 PsdG-PSOE); tres abstencións (3 BNG) e sete votos en contra (5 PP+2 EU).

O concelleiro Evaristo Deus Deus, membro do grupo municipal BNG pregunta cál é a proposta do grupo de goberno.

O Alcalde resposta que a proposta a seguir e o sinalado pola secretaria no seu informe.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O concelleiro Evaristo Deus Deus, membro do grupo municipal BNG solicita novamente que se aclaren os termos da votación.

O Alcalde reitera que a proposta é non conceder a compatibilidade obxecto da petición en función do indicado no informe de secretaría.

Sometido a votación ordinaria, por sete votos a favor (5 PP+2 IU) e cinco abstencións (3 BNG + 2 PSdG-PSOE), de conformidade coas consideracións realizadas pola secretaria municipal no seu informe de 29.06.2023, o Pleno **acordou:**

Primeiro.- Desestimar a petición de concesión de compatibilidade para o exercicio de actividade privada nos termos da petición cursada con data 14.04.2023, número rexistro de entrada 2023-E-RC-1478 e documentación complementaria achegada con data 21.06.2023, 2023-E-RC-2550, por incumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 12 e 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación do réxime de recursos.

8º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, DOS SEUS INTEGRANTES E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS/AS.

Dáse por realizado o trámite.

9º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE E FIXACIÓN DO DÍA E HORA DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse por realizado o trámite.

10º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS/AS TENENTES DE ALCALDE.

Dáse por realizado o trámite.

11º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse por realizado o trámite.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sendo as nove horas e vinte e catro minutos do cinco de xullo de dous mil vinte e tres, non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace
O alcalde

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

